



Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz

O Foro 2010, impulsado en orixe polo Seminario Galego de Educación para a Paz e a Fundación Cultura de Paz, conta na actualidade co apoio do Consello Internacional do Foro Mundial de Educación e de distintas organizacións sociais e institucións públicas e privadas. Dende o día 3, reúne en Santiago a profesores, ONG, expertos, estudiantes e, en xeral, persoas interesadas no tema da construcción dunha cultura de non violencia.

Entre as numerosas actividades que se desenvolven está o Congreso Internacional Información e Dereitos Humanos que abriu Gertrude Mongella, ex-presidenta do Parlamento Panafricano, cunha conferencia na que fixo fincapé na idea de que as tecnoloxías da información deben "captar o idioma dos dereitos humanos" e ser usadas "como ferramentas e non como armas de destrucción".

Tamén se referiu ao papel da muller e ao principio de igualdade, que debe ser entendida, non na idea de ser coma os varóns, senón en lograr os seus dereitos. Neste sentido, salientou a importancia da información, xa que moitas veces as mulleres non coñecen os seus dereitos e non conseguem canalizar a súa loita. Considerou que hoxe os dereitos están totalmente definidos e espera que se cumpla o acordado internacionalmente.

Por outra banda, referiu aos "dereitos colectivos" e recordou que en moitos lugares do mundo as persoas non teñen garantido o dereito á vida e avogou porque, onde haxa conflitos, se trate de conseguir a paz entre as partes "porque se hai mediadores, cando non estean alí, a paz volverase violar".

 [imprimir páxina](#)

máis novas

[A formación en idiomas: actividades no estranxeiro](#)

[Programas Educativos Europeos. Presenza nos centros educativos](#)

[Proposición non de lei que trata de impulsar a educación inclusiva](#)

[Voz Natura é premiada polo seu traballo a favor do medio ambiente](#)

[España, un país con atractivo para investigar](#)

[Pisa 2009: España obtén resultados algo mellores ca en 2006, pero segue por baixo da media](#)

[Santiago de Compostela é durante todo o mes de decembro a sede internacional para o fomento da cultura de paz](#)

[O Espazo Europeo de Educación Superior no curso 2010-2011](#)

[A UNED Sénior abre o seu período de preinscripción para o segundo cuadriestre](#)

[Convocatoria de accións descentralizadas no marco do programa de aprendizaxe permanente 2011](#)

[O emprego universitario no marco do EEES](#)


[Dez millóns de persoas utilizan o CV Europass para buscar emprego](#)

[O IES Carlos Casares de Viana do Bolo traballará en rede cun centro de León e outro de Asturias](#)

[Tres alumnas do IES Campo de San Alberto, de Noia, entrevistan a Manuel Fraga](#)

[European Job Day 2010 - Xornadas Europeas de Emprego 2010](#)

BOLETÍNS INFORMATIVOS CURSO 2010/2011



O MÁIS VISTO

- [Accesibilidade do sitio web](#)
- [Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)
- [Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)
- [Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010](#)
- [Entreportes, unha revista escolar para desenvolver competencias](#)
- [Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos](#)

COLABORA COA REVISTA

- [Investigación](#)
- [Experiencias](#)
- [Cartas á directora](#)
- [Foro](#)

OUTRAS SECCIÓN

- | | |
|----------------------------------|-------------------------------------|
| Axenda | Blogs |
| EEES - 2010/2011 | Lexislación |
| Que é | Hemeroteca |
| Mediateca | Créditos da revista |
| Tribuna | |